

ACORDOS
SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 23 DE AGOSTO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 9.00 horas, do día vinte e tres de agosto de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde en funcións:

D. Amadeo Cancela Fariña

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a. Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. ESCRITOS VECIÑOS.-
2. SOLICITUDE DE ALTA NO SEVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
3. SOLICITUDE DE AXUDA ECONOMICA PARA FESTAS AS FESTAS PATRONAIS DA PARROQUIA DE ANDOIO.-
4. APERTURA DE SOBRES PRESENTADOS POLAS EMPRESAS PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACION DAS OBRAS DO PLAN SOCIAL 2015.-

1. ESCRITOS VECIÑOS.-

- Recíbese escrito de don M.G.F., e domicilio en Viladoabade deste termino municipal, solicitando unha prórroga para rematar a construción de vivencia unifamiliar aislada en Castro - Viladoabade (Decreto 89/ 2013)

Acordos adoptados:

Conceder unha prórroga de un ano.

- Recíbese escrito dos herdeiros de don M.G. e P.G., solicitando información en relación as obras realizadas por parte do Concello na finca nº XXX Referencia Catastral XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX e si se procediu a indemnizar en cantidade algunha a alguen por ocupar parte da dita finca.

Acordos adoptados:

Dar conta aos interesados que según consta en datos obrantes nesta alcaldía e demais obtidos ao efecto a cesión foi feita de maneira agraciable sin que conste indemnización algunha.

2. SOLICITUDE DE ALTA NO SEVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-

Acordos adoptados:

Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipal, previa liquidación das correspondentes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do Servizo municipal de augas

3. SOLICITUDE DE AXUDA ECONOMICA PARA FESTAS AS FESTAS PATRONAIS DA PARROQUIA DE ANDOIO.-

Acordos adoptados:

Colaborar cos veciños cunha axuda económica para a organización das festas parroquiais a Comisión de festas de Sanmede, con cargo á partida correspondente do vixente orzamento.

4. APERTURA DE SOBRES PRESENTADOS POLAS EMPRESAS PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACION DAS OBRAS DO PLAN SOCIAL 2015.-

Acordos adoptados:

solicitar a Estudio Técnico Gallego, S.A., encargada dos servizos técnicos municipais para que emita informe de valoración de ofertas conforme aos criterios de adxudicación segundo figuran no prego de cláusulas administrativas.

Emitido o citado informe dese conta ao órgano de contratación para que realice a clasificación de adxudicación segundo a puntuación obtida, co fin de convidar a todos os licitadores admitidos a presentar, nun prazo non superior a 48 horas, unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados polos licitadores e que se indican no anexo V.11 do prego de cláusulas administrativas (criterios de negociación).

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.